



Quen inventaría os **luns**?  
que tan ás présas sempre  
andamos,  
con cara de durmidos  
e **pelos ben, ben raros.**





Pois algún inventor había dicir:  
"os **martes** nin te cases nin te  
embarques",  
pois imos levar a contraria,  
cun **bañador** posto por si  
caemos da barca.





E xa imos co **mércor**,  
metade da semana vai andada  
pero con **zapatos diferentes**  
máis rápida vai ser a chegada.





E co **xoves** xa case está feito,  
xa pensando no desfile de mañá,  
pero antes de te esquecer por  
completo,  
uns **pantalóns ben coloridos**  
non deben faltar.

